

USO DE MAIÚSCULAS E MINÚSCULAS

	MAIÚSCULA	MINÚSCULA
Signos de puntuación	<ul style="list-style-type: none"> • Ao comezo dun texto • Despois de punto • Tras puntos suspensivos e signos de interrogación e admiración cando equivalen a punto • Despois do saúdo das cartas 	
Nomes referidos a persoas ou animais	<ul style="list-style-type: none"> • Nomes e apelidos • Sobrenomes e pseudónimos: <i>o Furias, a Raxada...</i> • Os cargos cando van precedidos dunha forma protocolaria: <i>O Ilustrísimo Señor Alcalde</i> • As abreviaturas dos tratamentos de respecto: Sr., Sra., Vde. 	<ul style="list-style-type: none"> • Os cargos ou títulos cando non van precedidos de tratamento específico: <i>Nomearon unha nova directora no noso centro. Hoxe coñecín o concelleiro de cultura.</i> • Os tratamentos de respecto na súa forma plena: <i>don, dona, o señor Rodríguez, a señora Chao</i>
Nomes de lugar	<ul style="list-style-type: none"> • Todos os topónimos: <i>Vila de Cruces, O Carrío, Santiago de Compostela...</i> Cando levan artigo tamén debe ir en maiúscula, pero a preposición escríbese en minúscula. 	<ul style="list-style-type: none"> • O nome xenérico que acompaña os nomes de lugar e os accidentes xeográficos: <i>o río Deza, a praza do Obradoiro...</i>
Puntos cardinais	<ul style="list-style-type: none"> • Cando aparecen formando parte dun topónimo ou cando se escriben na súa forma abreviada: <i>Polo Norte; N, L, S, O.</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • Por norma xeral, os puntos cardinais escríbense con minúscula: <i>Galiza limita ao sur con Portugal.</i>
Nomes de entidades, colectivos, institucións e organismos	<ul style="list-style-type: none"> • Nomes de institucións, organismos, empresas e outras entidades: <i>Concello de Vila de Cruces, Xunta de Galicia, Universidade de Santiago, o Estado</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • As denominacións xenéricas de institucións, organismos ou empresas: <i>as universidades, o departamentos de normalización lingüística...</i>

	<i>español...</i>	
Feitos e períodos temporais	<ul style="list-style-type: none"> • O nome das festividades cívicas, políticas e relixiosas: <i>o Entroido, o Día da Patria Galega...</i> • As etapas e acontecementos históricos singulares ou movementos artísticos e culturais: <i>a Revolución Francesa, a Guerra Civil, o Rexurdimento, a Idade Media...</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • Os días da semana, os meses e as estacións do ano
Títulos de obras, publicacións e traballos	<ul style="list-style-type: none"> • Os títulos de obras literarias e artísticas empregan a maiúscula só na primeira palabra: <i>Follas novas, Aire negro...</i> • Nos títulos das publicacións periódicas úsase maiúscula en todas as palabras con relevancia semántica: <i>A Nosa Terra, Faro de Vigo...</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • As partes xenéricas das obras e dos documentos: <i>o capítulo 20, o apartado b, o prólogo...</i>
Denominacións académicas e comerciais	<ul style="list-style-type: none"> • As denominacións de carreiras, especialidades e materias: <i>a carreira de Tradución e Interpretación, as Ciencias Sociais...</i> • Os nomes comerciais ou as denominacións de orixe, así como os nomes que individualizan obxectos concretos: <i>unha Coca-cola, o queixo do Cebreiro...</i> 	<ul style="list-style-type: none"> • Os tipos e niveis de estudos: <i>a formación profesional, o bacharelato, o doutoramento...</i>
As siglas	<ul style="list-style-type: none"> • Escríbense con maiúscula: <i>DOG, DNI, IES, UE...</i> 	

Nota: lembre que as maiúsculas manteñen o acento gráfico se lles corresponde levalo segundo as regras de acentuación.